

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2025

De acordo co establecido na convocatoria, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:45 horas do xoves día 2 de outubro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
- 2) Informe do director.
- 3) Solicitudes de espazos na Escola.
- 4) Quenda aberta de palabra.

ASISTEN:

Persoal académico

COUCEIRO	AGUIAR	Iván
DELGADO	MARTÍN	Jorge J.
DÍAZ	GARCÍA	Jacobo M.
FONTÁN	PÉREZ	Arturo N.
NAVARRINA	MARTÍNEZ	Fermín L.
NOVALES	ORDAX	Margarita
ORRO	ARCAY	Alfonso
PENA	MOSQUERA	Luis
RAMÍREZ	PALACIOS	Luis

PTXAS

CRUZ	VIQUEIRA	Mª Pilar
------	----------	----------

EXCUSAN:

Estudantes

VÁZQUEZ-PENA	ROMERO	Jaime
--------------	--------	-------

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, Director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, Secretario Académico da Escola.

1) Aprobación, se proceder, de actas de sesións anteriores.

Toma a palabra o director e somete a votación a acta da sesión ordinaria do día 16 de xullo de 2025. Apróbase por asentimento.

2) Informe do director.

Toma a palabra o director e informa que:

- Con relación ao persoal da Escola: No PDI causou baixa por renuncia o profesor Axudante Doutor Simón Peña Villasenín na área de Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría. O profesor Blas Cantero Chaparro causou baixa o 31 de agosto por non renovárselle o contrato de interino de substitución. Fai constar o seu agradecemento pola súa dedicación e implicación na Escola. No PTXAS, no servizo de biblioteca debido á comisión de servizos de Adriana Luchian incorporouse Noé Ramudo López para cubrir o seu posto o 8 de setembro. Hoxe causou baixa do servizo de conserxería María Jesús Soñora Sambade pola fin da comisión de servizos de Marta Lafuente e a súa reincorporación na quenda da mañá. Isto provoca que Carlos Giz regrese á quenda de tarde a partir de mañá. Actualmente, Marta Lafuente atópase de baixo polo que solicitamos cubrir o seu posto durante o tempo da baixa.
- Respecto ás titulacións da Escola, onte recibimos o Informe favorable de necesidade e viabilidade académica e social da Xunta de Galicia para o Grado en Enxeñaría Civil. Este informe é previo ao envío do título a verificación. Temos pendente unha reunión co vicerreitor para coñecer os detalles.
- Selos de calidade EUR-ACE: Tal e como se informara previamente, a mediados de xuño convocáronnos co vicerreitor de titulacións e internacionalización e solicitouse a renovación dos selos. A Escola presentou en tempo e forma a documentación requirida o 30 de xullo, pero debido a un problema administrativo no proceso de licitación provocou que quedara deserta a licitación. Debido á convocatoria tardía de dito proceso, estaba previsto para finais de maio, a axencia de calidade comunicou que lle resulta inviable participar neste procedemento extraordinario. Por este motivo, a renovación quedou paralizada. Dende o vicerreitorado puxéronse en contacto co presidente de ENAEE para buscar unha solución e emprazáronnos a esperar a unha reunión prevista a finais de outubro para buscar unha solución a nivel nacional. Actualmente os selos dos grados deixaron de ter validez o 3/12/2024 e no máster remata o 10/01/2026.

Código Seguro De Verificación	bgU0Q9gUybp9bw1CfWAWGw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	17/12/2025 08:24:31
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	16/12/2025 09:38:43
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bgU0Q9gUybp9bw1CfWAWGw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Respecto aos datos de matrícula nas titulacións da Escola: GIOP 55 matriculados, GTECIC 53, MICCP 24. MUXSA matricularonse 5 alumnos na UDC, aínda que só se incorporaron 4, na USC a 30 de setembro hai 10 matriculados, pero só se incorporaron 2 alumnos e na UVigo hai 6 matriculados pero só 3 incorporados. En Espazo Compartido o 29 de setembro comezou unha nova promoción.
- O 8 de setembro realizouse un acto de benvida para os novos alumnos de grado, participando a Dirección, as asociacións de estudantes, a delegación, os colexios profesionais e houbo unha intervención do exalumno Pablo Alonso. A todos eles quero que conste o seu agradecemento por participar en dito acto.
- Durante o mes de setembro implementouse un curso 0 en matemáticas. De maneira voluntaria, os alumnos de primeiro podían asistir pola mañá facéndose un repaso de funcións, integración, matrices... Tivo moi boa acollida. Nestes cursos 0, participaron los profesores: Raquel Taboada, Luis Fuentes e Guillermo Lorenzo. Fai constar o seu agradecemento, esperando poder estender a iniciativa a outras materias.
- Estanse convocando reunións de coordinación de curso (1 e 2 de grado) e as do Plan de Acción Titorial.
- Respecto ás obras de impermeabilización da Escola, leváronse a cabo durante o mes de agosto e remataron antes de comezar as clases. Durante a actuación descubriron que as xuntas dos lucernarios están en mal estado e filtran un pouco de auga. O servizo de obras está avisado e pendente de reparación.
- Recentemente cedéronse á Escola de Enfermería un total de 51 mesas e cadeiras que estaban almacenadas na planta baixa da Escola.

3) Solicitudes de espazos na Escola.

Toma a palabra o director e comunica que a Asociación Cultural de la Escuela de Caminos solicitou a finais do mes de maio un local para poder realizar as súas actividades. Adicionalmente, recibíronse dúas solicitudes non formais de espazos, unha das profesoras do programa de Espazo Compartido e outra do persoal da FUAC encargados da xerencia/administración do servizo de limpeza e seguridade da UDC.

Actualmente, na zona de asociacións estudantís, están localizados o Club Deportivo Caminos A Coruña, Enxeñaría Sen Fronteiras e o profesorado de Espazo Compartido (CP 17/10/2023).

Na zona de despachos dos profesores ao final do corredor na primeira planta, actualmente ademais dos profesores de proxectos e asociados está localizado o

persoal da FUAC (despacho nº 6). Nesa mesma zona hai un despacho (nº 2), que ocupaba o profesor Juan Carlos Perezán ata a súa xubilación.

A proposta do director, consensuada previamente coas partes implicadas, é localizar ao persoal da FUAC no despacho nº 2, ás profesoras de Espazo Compartido no despacho nº 6 e á Asociación Cultural de la Escuela de Caminos no espazo que liberan as profesoras de Espazo Compartido na zona de asociacións estudantís.

Para a realización de obradoiros relacionados co Concurso de Pontes é necesario habilitar un espazo onde os diferentes equipos poidan traballar. O director propón que se sexa no Laboratorio de Ciencia dos Materiais. Esta proposta tamén se consensuou coas persoas afectadas.

Apróbase por asentimento.


4) Quenda aberta de palabra.

Non se realiza ningunha intervención.

A sesión ordinaria da Comisión Permanente remata ás 13:19 h.

V.B
Luis Ramírez Palacios
Director

Ado.
Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico

Código Seguro De Verificación	bgU0Q9gUybp9bw1CfWAWGw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	17/12/2025 08:24:31	
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	16/12/2025 09:38:43	
Observacións		Páxina	2/2	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/bgU0Q9gUybp9bw1CfWAWGw%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			